

Orde do 25 de maio de 2021, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 2 de xuño).

Alumnado excluído

- Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:
- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102; Fundación Paidea, ou calquera outra que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

1. Prazo de outubro

- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2021. **O alumnado de FP dual non está incluído neste prazo.**

Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2021**.

Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2021, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

2. Documentación

- **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT (anexo II).
- c) Copia do DNI da persoa solicitante, se é o caso.
- f) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo IV).
- c) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación **quedarán archivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á secretaría xeral.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O **anexo III** (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.es **antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes**. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.

Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>.

3. Datas principais

Publicación da convocatoria no DOG	2 de xuño de 2021
Prazo de solicitudes	14 de outubro ao 15 de novembro
Publicación no centro da listaxe provisional	16 de novembro
Prazo de reclamacións	16 de novembro ao 26 de novembro
Publicación no centro da listaxe definitiva	27 de novembro
Finalización das prácticas	Do 29 de novembro a 10 de decembro

4. Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co Servizo de Relación co Sistema Produtivo e Acreditación de Competencias, nos teléfonos:

981 546 540 / 881 996 335 (Ana Cordo ou Óscar Balsa).